

ROUCCO

SON

Falamos de rock en galego

Número 6- novembro 2021

Publicación gratuíta
Colle unha!



XERTÓN
BATALLÁN
BIBIANO
NHU
GOMA2
GRU
LÓSTREGOS
DIOIVO

XERIÓN

20 anos de metal galaico extremo: Entrevista a Nocturno

Tras 20 anos na escena, Xerión precisa de pouca presentación. Esta banda pioneira tanto do black metal en Galicia coma do black metal en galego fica en 2021 na mesma boa forma de sempre, publicando regularmente novos lanzamentos que fan que sexa tan veterana coma punteira. Falamos con Nocturno, que, xunto a Daga, fundou a banda na que aínda ambos continúan, para tentar desentrañar algúns dos aspectos da súa dilatada carreira.

Se algo destaca de Xerión é o extremadamente prolífica que é a banda. En 20 anos de traxectoria practicamente non houbo un ano que non teñades varios lanzamentos, e este ano de pandemia non foi excepción. Como mantedes este ritmo de traballo con tanta calidade?

Sáudos dende este recuncho da Galiza, e mil grazas por esta entrevista para falarmos un chisco do Xerión. Ben, sempre estou, dun xeito ou doutro, arrodeado de música, e de cando en vez sinto a necesidade de anotar algunha idea que vale para o Xerión. Cando se van xuntando unhas cantas comeza xa a haber un run-run no corpo que pide darlles forma de cancións e posterior gravación, mais sempre de maneira natural e non forzada. Ha veces que pasa tempo sen esa sensación, mais outras nas que se van acumulando melodías e estruturas e, como está a acontecer ultimamente, chegan mesturarse uns traballos con outros.


Facer tantos lanzamentos axuda a non perder nunca visibilidade, ou notas que ás veces á xente lle pode custar seguir o ritmo de traballo da banda?

Como comentei antes, é unha necesidade vital, un ferver interior que me impele a exteriorizar e rexistrar sons. Non ten que ver en absoluto cun afán de que o proxecto teña máis ou menos continuidade ou sexa máis o menos visíbel, pois ben é

certo que ao público potencial chega a custarlle seguirmos o ritmo de edicións, se até nos custa a nosoutas, e entender o noso xeito de proceder. Ben, o Xerión está a ser así e... é o que ha.

Os vosos traballos non son só moitos se non que ademais son variados. Tedes tocado boa parte dos subestilos e derivados do black metal, se non a maioría. É algo que decidides de antemán, facer un disco máis puramente black, máis folk, máis melódico, máis épico, ou xurde a medida que ides pulindo os temas?

Non é premeditado no senso de dicir “agora toca facer un traballo deste xeito”. Si que, segundo imos arranxando ideas e dandolles forma, van agromando variantes que as van levando por un ou outro sendeiro dentro do que nós entendemos por negro metal da morte. Incluso ha algunhas cancións que dende o mesmo comezo apesentan a tal ou cual estilo e é imposible quitarlles o cheiro. Cando imos vendo que un puñado delas chegan a fechar un círculo, pensamos nelas xa coma un todo, teña a duración que teña, e decidimos que formato de edición pode ter. Ten pasado traballar ao mesmo tempo con materiais que formarían parte de cousas ben diferentes, coma *Morgana* e *Lamento Luminescente*, ou incluso ter pasado anos dende a idea inicial ao rexistro final. O *Cantares das Loitas Esquecidas* é un bo exemplo disto. O



Xerión chega ás veces ter vida propia...

Optades por definirvos coma metal galaico extremo. A que se debe esa elección concreta de palabras? Considerades que é black metal o que facedes, ou non?

Ha black metal no Xerión, por suposto. Outra cousa é que se nos

poida definir como tal tendo en conta as outras características que posúe o noso son e que co tempo forman parte indisolúbel del. Foi por iso que dende o comezo empregamos diferentes etiquetas ate chegar ao de metal galaico extremo que nos define moi ben. A Escuridade do Abismo chega ser en ocasións bastante luminosa...

É eterno ese debate sobre o purismo no black metal. Ti que opinas ao respecto?

Non somos puristas, mais entendemos o purismo, e non soamente no metal negro, senón noutras músicas. Un bo exemplo sería o da música antiga e o emprego de instrumentos e técnicas de interpretación da época. O que si que cremos que non se pode facer é enganar ao público dicindo ou facendo o que non se é.

O voso último álbum completo, *O Nada no Caos Infinito*, leva ao ovinte inmediatamente ao tempo das vosas maquetas. Pretendíades revivir ese son?

eventual participación de O Rei Celta No Exílio. Cando gravei as primeiras demos do Xerión, fíxeno coa idea de aproveitar ao máximo o equipo de gravación que tiña naquela altura, mais pensando arranxos e estruturas que poderían ser interpretados por unha banda formada por voz, dúas guitarras, baixo, teclados e batería. Quizais o resultado sonoro poida chegar ser semellante nalgún intre, máis o concepto ideolóxico é completamente diferente.

Levades xa dende antes da pandemia algo afastados dos escenarios. Iso facilita que vos centredes no traballo no estudio, ou botades

Aínda que anteriormente tivesdes, como xa comentaches, unha formación de máis membros, levades varios anos actuando coma dúo. Cales son as vantaxes, e se cadra desvantaxes, deste formato para vós?

Soamente ha unha desvantaxe: o son artificial da caixa de ritmos naqueles temas que foron gravados con batería real. Polo demais, o que temos tocado ao vivo é porque, ou ben foi pensado xa para esta formación de dúo, ou ben porque sentimos que podemos arranxar de xeito convincente sen que se perda a esencia mesma da canción, aínda coa caixa de ritmos. Tocar con Daga dende ha

mento en dixitalizar ou mesmo reeditar dalgún xeito esas gravacións?

Algunha vez o temos falado Daga e máis eu, e con Iron, guitarra en Regnum Irae e posteriormente en Xerión, e Lord Sade, batería en Regnum Irae, e sería un bo exercicio de nostalgia e quizais reivindicación. Mais de momento preferimos que as cousas fiquen como están. O que é innegábel é que foron momentos e vivencias que ocupan un lugar de privilexio nas nosas lembranzas, e así seguirá sendo.

Fostes pioneiros non só do black metal en Galicia, senón, ademais, do black metal en galego. Segue



Cando comezamos traballar en *O Nada no Caos Infinito* non pensamos tanto en retomar o son das nosas demos, se non o de afondar na miña idea dun metal negro primixenio, visceral, desagradábel, decadente, gravado com poucos medios e aténdome à formación que poderíamos levar ao vivo: voz, unha guitarra, un teclado e unha caixa de ritmos, coa

de menos defender os temas en directo?

Pois a verdade é que non teño unha resposta fechada, xa que unhas nos doen e outras nos proen... Quizais porque nunca fomos unha banda de facer moitos concertos, quizais porque podemos matar o bicho coas nosas outras facetas e proxectos musicais... quen sabe.

máis de vinte anos é un luxo e unha beizón.

Practicamente a totalidade da discografía de Xerión pode atoparse en formato físico ou en internet, pero iso non pasa coas gravacións da banda predecesora Regnum Irae, alén dalgún concerto dispoñible en youtube. Pensaches nalgún mo-

esta escena a estar en boa forma?

Ha moi boas bandas e proxectos facendo cousas moi potentes dende ha xa uns anos, así que polo lado da creación non vexo problemas. O que non teño tan claro é que haxa o suficiente público constante que demande gravacións ou rituais ao vivo e que queira compartir gastos. Nese senso nós non andamos moi preocu-

padas, xa que, ben, non se pode ter todo.

Antes do black, na escena extrema galega dos noventa era imperante o death metal. Foi difícil facerse oco na escena cun estilo distinto?

Era complicado ter sitios onde tocar e, de habelos, cubrir gastos mínimos. Coma agora, quizais? Mais non tanto por estilo. Teño que dicir que os primeiros concertos de Regnvm Irae en Ourense, na Mala Fama e no Rock Club, foron moi ben de público, formado sobre todo por amizades e familiares, todo ha que dicilo. Outra cousa é que logo repetísen (risas). Quero lembrar, estou a falar do 1998 e 1999, que había unha mestura entre curiosidade e excepticismo sobre o que facíamos e como o facíamos, e non sei se iso nos beneficiou ou prexudicou. Claro que, coma posteriormente con Xerión, a finalidade non era tanto o de facernos um oco como contar co tempo e medios suficientes e necesarios para poder traballar nas nosas músicas e chegar plasmar nelas o que tiñamos na cabeza. Todo o demais sempre é consecuencia e non sempre se corresponde co esforzo e a dedicación. É algo que aínda a día de hoxe temos moi, moi claro.

O black metal é un estilo que his-

toricamente se prestou moito a ser interpretado en linguas propias, distintas do inglés imperante. Como xurdiu a idea de facer black metal en galego?

En Regnvm Irae, onde facíamos música, textos e arranxos entre todas, empregabamos inglés e castelán principalmente, e nalgunha canción o galego e ate o latín. Teño que dicir que naquela altura eu practicaba unha perfecta diglosia: galego con meus pais e nas aldeas de meus avós, e castelán na escola ou coas amizades. Pouco a pouco fun incorporando máis o galego nas miñas cancións, ao mesmo tempo que fun deixando a diglosia.

Foi un proceso natural e lóxico, e quizais axudou inconscientemente o ir coñecendo bandas de black metal e similares, sobre todo do norte da Europa, que non tiñan reparo en empregar as súas linguas mai nas súas composicións, e ate eran parabenizadas por iso. Cando comecei o Xerión na primavera do 2001 xa a miña lingua familiar, social e creativa eran a mesma, e así foi ate fechar o círculo no 2017 cando, ta-

mén dun xeito orgánico, mudei a escrita cara o que eu gosto chamar galego medieval, tras varios anos traballando coa nosa lírica galego-portuguesa noutros grupos e proxectos, o que, e creo que é algo coñecido por quen nos segue, fixo que se fose filtrando no Xerión en forma de sons e temáticas e, finalmente, de grafía. Mágoa que gostemos tanto do noso

“Fun incorporando máis o galego nas miñas cancións, ao mesmo tempo que fun deixando a diglosia”

Antes de vós, os exemplos de metal en galego eran escasos e

“Amh-Ghad-Ari non se trata soamente dun espazo físico, senón tamén mental e en ocasións afastado da realidade externa”

case sempre no campo do crossover thrash, coma Mala Oxtia, Desvirgheitors ou Mol, o metal alternativo de Skornaboís, o thrash de Xudef Klas ou o hard rock e heavy máis clásico de Épsilon ou Astarot. Con Xerión, e outras bandas coma Alendalúa ou Inmacula Mortem, foi a primeira vez que se levou a un ámbito aínda máis extremo e under-

ground. Erades conscientes deses precedentes?

Pois a verdade é que non. Todas esas bandas, agás Astarot, que comentas, chegaron posteriormente a nós ou chegan agora que comentas. As referencias de música cantada en galego cando foi nado o Xerión viñeron do folk e dalgúns músicas eruditas, mais non do metal. Neses comezos andaban tamén Vórtice, de Vilaboa, facendo metal negro en galego, banda que coñecemos nun concerto no Anoeta de Vigo no que tamén tocaron Inmacula Mortem e Mydgard, na época na que aínda estábamos Daga e mais eu en Regnvm Irae.

Gustárame rematar preguntándoches por un elemento recorrente nos vosos traballos. Que é Amh-Ghad-Ari?

Amh-Ghad-Ari é aquel lugar de repouso, meditación e creación ao que Daga e mais eu intentamos acudir sempre que podemos. Non se trata soamente dun espazo físico, senón tamén mental e en ocasións afastado da realidade externa. Mil grazas de novo, Jacobo por esta entrevista e o apoio ao Xerión dende Rouco Son. A ver se volvemos vernos o antes posíbel nun concerto e botámoslle unhas cervexas. Vémonos no Inferno e, por suposto, que siga a tolemia!





**Anúnciate
aquí**

981 463130

ROUCO SON

Xerión

NOCTURNAL MISANTROPÍA

2007

Se hai un disco do black metal en galego que merece a consideración de clásico, ese é *Nocturnal Misanthropía*. O primeiro álbum de estudio de Xerión, despois dunha serie de excelentes demos e discos compartidos, foi tamén un dos primeiros álbums do estilo editados en Galicia e o primeiro deles feito na nosa lingua, hai case 15 anos. E ademais de todo isto, trátase ante todo dun discazo de black metal, tocando varias das súas vertentes, como é habitual no grupo ourensán: black épico e sinfónico, black atmosférico, black/folk, black melódico, black tradicional, black/doom... Todo isto ao longo de pouco máis de media hora de duración.

Ao núcleo do grupo conformado por Nocturno (guitarra, baixo, voz e frauta irlandesa) e Daga (teclados), que aínda o conforman a modo de dúo hoxe en día, hai que engadir outros dous músicos que formaron parte do conxunto nesta época: o guitarrista Iron e o batería e percusionista Aboriorth, coñecido este último por facer tamén parte de bandas tan representativas coma Kathaarsys, The Last Twilight, Heilnoz, e prolíficos proxectos en solitario coma o homónimo Aboriorth e Nocturnal Hell. O álbum foi gravado por Óscar «Chichi» dos Estudios Mafia de Carballiño, con quen tamén gravaron dende Aphonnica e Nao ata Upcoming Devastation. Veu á luz finalmente en febreiro de 2007, en casete da man da editorial quebequesa Tour de Garde e en CD pola alemá Schwarzdorn (que inclúe un interludio extra), se ben non hai que esquecer que boa parte dos traballos do grupo saen co selo Nigra Mors, fundado polo propio Nocturno.


O disco abre con «Akelarre», un breve pero intenso tema de black/folk no que unha melodía de frauta irlandesa da paso a un torrente de blast beats, trémolo e berros guturais que, a xeito de invocación, abre ese ritual que é o álbum completo. Este tema desemboca no homónimo «Nocturnal misanthropía», un tema de black puro e escuro no que tampouco faltan a variación e as disonantes pero fermosas melodías, que serve de canción principal do disco xunto ao seu respectivo videoclip (que podedes ver ao final da recensión). Nun tono máis melódico están temas coma

«Na traza esotérica do ar invisible», que entronca co tema anterior incorporando unha variación dun dos seus riffs, ou «No pazo derruido da existencia», un tema intenso e dramático que ben pode ser un dos máis memorables da banda.

«Aqueles que nos deixan atrás», por outra banda, explora o territorio do black metal lento e depresivo. E «No val do silencio», o tema que pecha o disco, destaca polo seu toque épico e sinfónico, sendo ademais un dos temas de *Nocturnal Misanthropía* que máis entronca co lado máis mitolóxico e lendario do grupo. Porque, se ben este disco ten unha apreciable influencia dese elemento folk galego, é certo que este vese máis claramente noutros traballos da banda, atopándonos aquí cun black metal máis canónico. Este feito tamén se reflicte nas letras das cancións, que polo xeral tratan con desesperanza e enfoque poético temas máis persoais, en contraposición á temática mítica que o grupo tamén trata de cotío.

A nivel son, en contraposición aos primeiros lanzamentos do grupo coma O Espírito da Fraga ou O Trono de Breogan, non atoparemos aquí ese son puramente faino ti mesmo nin eses teclados que retrotraen ao dungeon synth e ás bandas sonoras de videoxogos clásicos de fantasía. A pesar do indiscutible encanto destas trazas, aquí temos o caso dunha produción profesional e equilibrada, dentro por suposto do que é como debe sonar un disco de black metal clásico. Tamén é apreciable un cambio nas voces de Nocturno, que nas maquetas sonaban máis distorsionadas e difuminadas e agora son executadas dun xeito máis teatral e agónico.

Todos estes elementos fan de *Nocturnal Misanthropía* un traballo redondo, no que as cousas poderían ter sido feitas de xeito diferente, pero non mellor. Sen dúbida, unha obra que está no top de discos de metal galegos de toda a historia, co permiso, de feito, doutras grandes obras do grupo, coma o tamén clásico *Cantares das Loitas Esquecidas* (2010) ou *Escarnio, Maldizer e Morte* (2017). En todo caso, ao ser o primeiro álbum da banda e polo rompedor que foi, ben merece unha lembranza especial.



NOCTURNAL MISANTROPIA




O rock progresivo dos 70

Entre finais dos anos 60 e principios dos anos 80, o rock progresivo foi un dos xéneros do rock máis populares en boa parte do mundo, unha tendencia á que nin Galicia nin o resto do Estado foron alleos. Este estilo caracterízase por desafiar os convencionalismos e as estruturas que seguía o rock ata o momento, incorporando elementos externos tomados de xéneros coma o jazz, o folk ou a música clásica. A influencia desta última era especialmente notable en moitas das bandas máis populares desta corrente, coma Yes, Genesis ou Emerson Lake and Palmer, que recibían polo tanto a denominación de rock sinfónico; esta etiqueta adoitábase empregar por extensión ao resto de grupos progresivos, aínda que a música clásica occidental non estivese necesariamente entre as súas inspiracións principais.

Aínda que os grupos máis famosos foron principalmente ingleses, o rock progresivo conta con grandes expoñentes en numerosos países, e precisamente pola súa natureza elaborada e ecléctica, a escena de cada lugar ten matices propios, moitas veces a raíz de absorber a tradición musical propia de cada un. Un caso especialmente paradigmático disto foi, mesmamente, o de Anda-



lucía, onde bandas tan representativas coma Triana, Medina Azahara, Cai, Alameda, Imán ou Guadalquivir mesturaron o progresivo co flamenco nunha nova música puramente andaluza. Incluso famosos cantantes vencellados a outros estilos, coma Miguel Ríos, flirtaron co rock progresivo andaluz nesta época, sacando varios discos nesta liña. E en Galicia, aínda que ningunha das novas bandas logrou o impacto comer-



cial das anteriormente mencionadas, nin houbo unha escena tan prolífica, tamén pasou o mesmo; xermolou na segunda metade dos anos 70 un rock progresivo galego e en galego no que o folk e a música tradicional tiñan un peso considerable, dotándose así dun toque distintivo, único e recoñecible.

Non podemos esquecer que, a causa da política cultural do Franquismo, o desenvolvemento do rock en xeral no Estado español foi relativamente tardío. E en Galicia, a situación non era, dende logo, unha excepción, con escasos artistas editando discos con material propio. Así, mentres que os anos dourados por antonomasia do rock progresivo foron a principios dos anos 70, na nosa terra hai que atopalos na segunda metade da década, coa morte do dictador fascista, e mesmo ben entrados os anos 80, cando en boa parte do resto do mundo o estilo xa se atopaba en retroceso.

O primeiro achegamento ao rock progresivo aquí veu da man de cantautores coma Luís Emilio Batallán ou, especialmente, Bibiano Morón. O primeiro deles, no seu célebre álbum de 1975 *Ahí Ven o Maio*, incorporou instrumentos e sons do rock cunha sensibilidade innovadora que o afastan de ser un traballo de folk de cantautor tradicional, aínda que ese sexa o seu estilo principal. Isto resultou nun disco de folk rock con tintes progresivos equiparable ao que cantautores británicos ou estadounidenses estaban facendo neses anos. E ademais de compoñerse in-

tegramente de musicacións de poemas de célebres poetas do país, incluíu tamén o son de instrumentos tradicionais coma a gaita, aventurando as mesturas de folk galego e rock que virían despois.

O segundo deles, integrante do mítico colectivo Voces Ceibes e posteriormente figura clave da movida viguesa, sacou nestes anos tres álbumes en solitario, nomeadamente *Estamos Chegando o Mar* (1976), *Alcobre* (1977) e *Aluminio* (1979). Neles xa atopamos un folk rock progresivo máis desenvolvido, con cancións breves pero moi diversas nas que teñen cabida a experimentación vangardista, os sons sinfónicos e os instrumentos folclóricos. A gaita non aparecería ata o terceiro álbum, máis nos outros podemos apreciar como nos teclados se simula o seu timbre

e a súa interpretación en varias melodías.

Un dos puntos clave da música de Bibiano foron os músicos dos que se rodeou para gravar estes discos, cousa que fixo nos tres casos nos estudios Audiofilm de Madrid. O primeiro gravouno en boa parte con músicos procedentes da escena de rock progresivo e jazz fusión catalá, vencellados a bandas coma Fusioon, Iceberg ou Pegasus. Porén, a partir do segundo priman xa os músicos galegos, que en varios casos farían parte doutros grupos progresivos do país. Por unha banda o guitarrista Xoán Piñón foi membro de NHU, e xa a finais dos 60 formara parte dun grupo antecesor, Generación 49, que practicaba unha mestura instrumental do beat e o rock psicodélico da época co folk galego. Posteriormente atopáramolo na banda de folk DOA, que nos anos 80 sacou dous álbumes progresivos ao incorporar o jazz fusión ao seu son. Por outra banda, o baixista Pepe Bordallo e o batería Fernando Llorca coincidirían posteriormente en Outeiro, unha banda de rock progresivo e jazz fusión fundada en 1979 que tamén nutriría de membros a DOA nos anos 80.

NHU foi precisamente o seguinte artista progresivo en sacar un LP. Seguramente, os composteláns son o grupo deste xénero en Galicia que acadou un status máis mítico hoxe en día, sendo o seu álbum homónimo *NHU* (1978) moi apreciado polos coleccionistas. Isto pode deberse a ser probablemente a banda que se ubicou nas marxes máis canónicas do estilo, cun rock sinfónico evocador e atmosférico no que tampouco faltan os elementos do jazz rock e



0 en Galicia (e en galego)



Goma 2

da psicodelia. E feito en galego, por suposto, aínda que non atopamos neste disco o grao de influencia folk que caracteriza á maioría de bandas progresivas do país. Despois deste álbum o grupo seguiu a dar concertos, pero non chegaron a editar unha continuación ao mesmo, que si chegaron a compoñer antes de disolverse en 1979. Cabe mencionar, en todo caso, a súa reunión para as cámaras da TVG en 1987, cando a cadea apenas levaba dous anos en emisión.

A outra banda clave do rock progresivo en Galicia que chegou a editar disco nos anos 70 foi Goma 2. Esta agrupación de 5 rapaces da vila de Portonovo, en Sanxenxo, destacaba polo seu son ecléctico, no que o rock progresivo é un compoñente máis dunha mestura que tamén inclúe ó pop rock, a psicodelia hippie ou incluso elementos da incipiente nova ola ou new wave. Un dos efectos principais do retraso relativo do desenvolvemento do rock en Galicia e no conxunto do Estado con respecto ao resto do mundo foi que moita música que non chegara antes á xente chegou toda á vez a finais dos 70, dende o rock progresivo ata o punk ou o heavy metal, dando lu-

gar a que xurdiran aquí tantas bandas que mesturan estilos que noutros países foron máis estancos durante aqueles anos.

No caso do único álbum desta banda, o homónimo *Goma 2* (1979), intercálanse os temas máis progresivos con outros máis breves e accesibles, pero sempre con presenza da gaita, que aparece xa plenamente integrada nun álbum de rock logo dos precursores anteriormente mencionados. *Goma 2* orixinouse precisamente no grupo de gaitas Os Vieiras, unha procedencia que contrasta coa formación máis académica, clásica e jazzística dos músicos de boa parte das outras bandas do xénero. Isto apreciase claramente no disco, que ten un son máis desenfadado e cun toque amateur que contribúe ao seu encanto. Tamén hai que destacar os elementos reivindicativos nas súas letras, con cancións contra a guerra ou contra a destrución do medio ambiente. Todos estes elementos o converten nun predecesor claro do rock bravú dos anos 90, como ten feito notar Xurxo Souto de Os Diplomáticos de Monte Alto. Aínda que a continuación ao seu LP nunca che-

gou, si lograron tocar xunto a grandes nomes comaos de Triana ou Miguel Ríos, así coma con outros artistas progresivos galegos, coma Brétema ou Xosé Inclán.

Aínda que estes foron os artistas que chegaron a editar música durante os anos 70, seguramente a maior parte da produción do rock progresivo clásico en Galicia tivo lugar na década seguinte, con bandas coma as xa mencionadas Outeiro, DOA e Brétema, e máis outras fundadas xa nos propios anos oitenta, coma Brath (xurdida do grupo anterior Tebras), Taranis ou Alecrín, entre outras. En definitiva, temos unha escena prolífica e extensa que ben merece unha continuación desta reportaxe. O rock progresivo galego estivo á altura do movemento no resto da península, tanto nas súas máis coñecidas manifestacións andaluza, catalá e mesmo portuguesa coma doutras tamén excelentes coma a vasca, a asturiana ou a cántabra, que deron lugar a grandes grupos. Estas dúas últimas escenas son o suxeito, xunto coa galega, do libro *Música para la libertad* de Eduardo García Salueña, editado en 2017, que trata o rock progresivo

da época nestes territorios do norte peninsular. Nas súas presentacións en Galicia, o autor contou coa compañía de músicos de NHU, Goma 2, DOA, Outeiro ou Cumbre. Ademais deste libro, o rock progresivo galego aparece en varias obras escritas sobre a música galega en xeral destes anos.

Se dalgo é proba o desenvolvemento deste estilo en Galicia é do carácter popular e de base que ten o rock progresivo, a pesar de que se lle teña caracterizado tantas veces coma unha música snob e pretenciosa. Un estilo de música feito por rapaces normais, procedentes tanto das vilas coma do entorno universitario ao que a rapazada galega comezaba a acceder, que se atrevían a innovar e romper os moldes do que a música comercial era ata ese momento, á vez que baixando a música académica ao ámbito máis popular. E no caso concretamente galego, servindo de ponte entre a nosa tradición musical e as novas músicas, sendo un precedente imprescindible de todo o que veu despois, erguendo a bandeira da música en galego dun xeito no que non se tiña feito antes.

O metal extremo en Galicia entre 1988 e 2009

Tendo en conta a súa explosión de popularidade nos oitenta, non é de extrañar que o thrash fose o primeiro xénero extremo en aparecer en Galicia. Aínda que naceu a principios da década, non chegou á península ata ben entrada a segunda metade desta; mentres os míticos Fuck Off e Legion sacaban os seus primeiros discos en Cataluña, os coruñeses Xudef Klas facían o mesmo coa maqueta *En Apuros* (1988), o álbum en casete *Igual de Claro* (1989) e o LP *Eutanasia* (1992). Este grupo mesturaba o thrash con elementos de estilos máis tradicionais coma o heavy metal, e letras de crítica política e social. Incluso foron responsables da primeira canción de thrash metal gravada en galego: “Galicia amaceirada”, que apareceu na súa demo en directo de 1989 *Lejos del Sabotaje* e posteriormente en *Eutanasia*.

En todo caso, en Vigo non quedamos moi atrás respecto a Coruña, gracias a Desvirgheitors. Aínda que se fundaron coma banda de hardcore punk en 1986, na súa segunda demo de 1991 comezaron a incorporar timidamente ao seu son influencias do thrash metal, facendo parte así do subxénero coñecido coma crossover thrash. De novo, empregaban nas súas letras temas políticos, e fixeron varios temas en galego, coma “Fuxidos”, sobre o maquis antifranquista, ou “Unha de guerra”, incluída no

seu álbum homónimo de 1993 (que incluía outros 3 temas con letra na nosa lingua). Esta banda tería pois a honra de ser a primeira agrupación de metal extremo viguesa.

Aínda que estas bandas foron as únicas bandas de thrash que chegaron a sacar un LP a principios dos 90, tamén xurdiron outras que conseguiron sacar varias demos, nalgúns casos de gran calidade. Varias delas, ao igual que Desvirgheitors, facían crossover thrash,

coma os coruñeses Mol ou os mariñáns Mala Oxtia. Outras practicaban un thrash máis tradicional, coma as bandas ferrolás Scum, Hatred, ou os primeiros Wisdom, que axiña evolucionarían cara a un novo estilo que nacera apenas uns anos antes e que dominaría o underground galego durante o resto da década. O thrash sería relevado polo seu achegado máis rápido, máis pesado e máis agresivo: o death metal.

Pouco se pode dicir xa do death galego. A pesar de ser un dos xéneros musicais máis polarizantes que existen, e de que o metal en xeral era novo en Galicia, produciuse unha verdadeira explosión de death metal patrio. Podemos presumir de ter verdadeiros grupazos de case todos os subestilos: dende o death técnico e progresivo de Absorbed e To Nowhere ata o death/grind de

Machetazo ou Wisdom, pasando polo brutal death de S.O.K ou Fermento. Outras bandas destacadas foron Unnatural, Dismal, ou Unhallowed. Incluso xurdiron pequenas bandas que mesturaban o death co doom metal, coma Osmosis e The Mantic Garden. Para quen busque máis información sobre esta escena, está case todo no documental de 2012 *Escuros, Roncos e Compasados*.

Sendo a excepción nun panorama dominado polo death metal a mediados e finais dos anos 90, cabería mencionar dúas bandas compostelás que mesturaban estilos tan intrínsecamente noventeros coma o groove metal e o hardcore pesado (en certo modo versións ralentiizadas do thrash e o crossover dos anos anteriores): por unha banda, Túzaros, que destacou por empregar por primeira vez na escena exclusivamente a lingua galega nos seus álbumes *Túzaros* (1997) e *Trivial* (2001); e por outra, Embrace me Ocean, que editou o seu *Grey* en 1999.

Coa chegada do novo milenio, a música extrema da nosa terra comezaría a diversificarse cada vez máis, e aparecerían moitas das súas bandas máis emblemáticas, así coma un novo subxénero que sería clave para o underground galego: o black metal. Xa a finais dos noventa aparece-

“Metal extremo” é ese termo vago que empregamos para aforrar saliva cando falamos de doom, thrash, death ou black metal. Aínda que estes estilos poden chegar a ter pouco o nada en común (o metal sempre foi un xénero dos máis variados), todos comparten o afán por levar algunha das súas características ao máximo: aquí están os grupos máis lentos ou os máis rápidos, os máis técnicos ou os máis macarras. En Galicia, por sorte, temos unha excelente representación de cada un deles. Neste artigo falaremos do nacemento da escena galega e de como foi medrando amodiño ao longo dos anos noventa, falando brevemente dos grupos máis destacados de cada subxénero.

ran os primeiros proxectos deste estilo, coma Regnum Irae (Ourense), Tanat (Coruña), Inmacula Mortem (Pontevedra) ou Mydgard (Vigo); porén, foi nos 2000 cando xurdiron os seus principais expoñentes. Por unha banda, Xerión, sucesora de

Regnum Irae, sería a principal banda desta etapa en empregar o galego para as súas letras, con demos coma *O Espírito da Fraga* (2001) ou álbumes coma *Nocturnal Misanthropía* (2007), influenciados polo

folk celta. Por outra banda, varios membros de Mydgard pasarían a fundar Dantalion, que a partir do seu disco de 2008 *Call of the Broken Souls* comezaría a incorporar máis elementos do doom metal á súa música. Outro membro de Mydgard e excompañente de Unhallowed, o baixista Morg, uniríase a dous membros de Inmacula Mortem para formar Balmog, expoñentes do black

metal máis puro e escuro da escena. Finalmente, Morgul, de Tanat, pasaría a formar parte tamén de Morbid Yell, de estilo black/death metal.

Outra banda clave destes anos sería Barbarian Prophecies, de Lugo, que editou algúns traballos coma banda de black/death antes de evolucionar máis cara ao death metal a partir do seu álbum *Comdemned Land* (2009). Tamén o foi Katharsys, de Compostela, que editou varios álbumes nun estilo de black



Desvirgheitors



Túzaros



Machetazo



Fermento

metal progresivo e folk moi persoal. Habería que mencionar, ademais, o black sinfónico con toque doom de Alendalúa; a Aboriorth, ex batería de Xerión e Katharsys cuxo proxecto en solitario é igualmente destacado; a The Last Twilight, de Pallas de Rei; ou aos ferroláns Marthyrium.

En todo caso, a pesar do asentamento deste novo estilo, o death seguiu a ser fundamental no underground galego. Algunhas bandas dos 90 continuarían lanzando traba-



Ekkaia

llos, como Fermento, Wisdom (cuxo *Que te Confunda o Demo* de 2003 inaugurou o death metal en lingua galega) ou Machetazo, que se convertería nunha das bandas de metal galegas máis internacionais. A estas sumáronse varios grupos novos; por exemplo, Unreal Overflows, de Pontevedra, cun death metal progresivo e técnico en liña co que nos 90 fixo Absorbed (contando incluso cun ex-guitarrista destes na súa primeira formación). Entre o death técnico e o brutal death movíanse os ourensáns Scent of Death; cun son grind despuntou Nashgul en A Coruña, e cun estilo similar xurdiría Brainwash en Ferrol, mentres que na Costa da Morte xurdiron bandas galegófonas coma Traboute ou Glut!.

En Vigo, por outra parte, tivemos a grupos coma Cadalso, e ademais creáronse o selo Solucións Extremas e a tenda Loita Underground, que comezaron editando traballos de Strangled with Guts, Basiliades ou Morte. Ademais, apareceu aquí un novo subestilo máis accesible, nado a década pasada en Europa: o death metal melódico. Durante estes primeiros anos o seu principal expoñente foi Skydancer, particularmente co seu disco de 2009 *Endorsed by Self Destruction*.

Agora cabería mencionar un caso curioso: o dos grupos englobados en torno á denominación de metal gótico. Aínda que en principio foi un subestilo do doom metal e o death/doom, algúns dos seus elementos foron despois incorpo-

rados por grupos de black ou de power metal sinfónico, convertíndoo nun termo algo confuso e indefinido. En Galicia, a liña herdeira do death/doom máis melódico a podemos atopar en Shroud of Tears ou en Dark Embrace, que no seu álbum de 2006 *The Rebirth of Darkness* tamén incluía pasaxes rápidas pro-

pias doutros estilos. Por outro lado, os vigueses Fallen Sentinel tiveron nos seus primeiros traballos elementos máis achegados ao black metal sinfónico, así coma un compoñente de metal progresivo. Finalmente, nesta época empezouse a xestar unha tendencia que destacaría especialmente na década seguinte: o revival do thrash metal. Bandas coma Mutant Squad, Lethal Vice ou Freedom Xlave recuperaron este estilo clásico, lanzando varias demos que anticiparían o que viría despois coa década de 2010.

Non podería rematar este artigo sen falar algo da escena hardcore de aqueles anos. A música punk, polo xeral, sempre calou en Galicia máis que o metal, pero en todo caso ambas escenas estiveron fondamente ligadas. Falando en concreto de música extrema, xa a finais dos oitenta e na década dos 90 xurdiran numerosas bandas de hardcore, e moitas delas, especialmente as do hardcore máis pesado coma os ourensáns Prap's, incorporaron variables cantidades de metal ao seu estilo, coma xa mencionamos nalgúns casos. Nos 2000 destacou a banda de crossover viguesa Ofensiva, e, especialmente, a escena crust punk

de A Coruña; este subxénero, xa de por si vencellado ao metal nas súas orixes, tivo nesta cidade unha verdadeira explosión cun certo recoñecemento internacional; moitas das súas bandas

principais, coma Ekkaia, Madame Germen, Hongo, Black Panda, Ase-dio, Dishammer ou Ictus (formada en Lugo), intercambiaron membros e influencias coas bandas de metal da zona; como indicaba un dos entrevistados para o traballo *A Coruña crust punk* de Adrián Martínez Pereiro, "eramos heavis tocando punk".



Absorbed



Katharsys



Xudef Klas



Fallen Sentinel



Ictus

AS BANDAS DE FERROL ORGANÍZANSE PARA ESIXIR O REGRESO DAS SALAS DE ENSAIO

Ferrol leva máis dun ano sen locais de ensaio municipais, posto que os ubicados no Mercado da Magdalena pecharon o 27 de outubro de 2020, nin sequera dous meses despois de ter reaberto tras o confinamento. Para protestar contra esta situación, varias músicas e músicos da cidade levan dende outubro dando a coñecer os feitos en redes sociais, tanto a través dos seus perfís persoais coma da creación en Facebook da páxina Reapertura Xa Locais Ensaio Ferrol.

Dende esta plataforma afirman que «tras levar un ano agardando para poder voltar ós ensaios, comunícasenos que o Concello alega un

problema burocrático e non vai ser posible». «Actualmente existen algúns servizos municipais na mesma situación que nós e seguen realizando a súa actividade sen ter repercusión nas persoas usuarias», denuncian, o que xunto á continua actividade dos locais de ensaio privados en todas as cidades sen maior incidente, desmonta o argumento de que o peche poida deberse á situación sanitaria, e máis cos bos datos obtidos ao respecto ultimamente. Isto súmase á denuncia dunha falla de comunicación por parte do goberno municipal, que non só avisou do peche uns días despois cun «comunicado de que ata 'novo

aviso' non sería efectiva a apertura do servizo», senón que dende a plataforma intentaron «solicitar información e non tivemos resposta por parte do Concello».

Reapertura Xa Locais Ensaio Ferrol destaca que estes locais de ensaio «levan máis de 10 anos en funcionamento, proporcionando un lugar digno e gratuito de xuntanza para músicos», e que «perder un espazo así en Ferrol é imperdoable», polo que continuarán protestando ata cumprir os seus obxectivos. Agora que foi aprobada por unanimidade no Concello unha moción neste sentido, impulsada polo colectivo co apoio dos grupos da oposición, confían en que por fin se dea solución a esta problemática.

Unha situación similar á desta cidade atópase noutras urbes galegas, coma en Vigo. As salas de ensaio de Vigosónico, ubicadas na parroquia de Valadares, eran as últimas que quedaban en pé despois de ter pechado, ao longo dos mandatos de Abel Caballero, os céntricos locais do Castro e da Casa da Xuventude.

Levan clausuradas indefinidamente dende o comezo do confinamento en marzo de 2020, e as bandas viguesas denunciaron tamén no seu momento a falla de comunicación absoluta por parte do Concello. Este desleixo chegou a desembocar na avaría e na perda de material de gran valor que estivo alí durante meses sen que as bandas puidesen recuperalo, nun ambiente de humidade incontrolada.





Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímolos cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímolos mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tolva de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com

Cru saca «Luces de Neón», novo vídeo do seu último EP


Cru é un trío procedente do concello coruñés de Carral que mestura o punk, o hardcore e o metal. Veñen de sacar o seu último traballo, *A*, un EP de tres temas entre os que se inclúe «Luces de Neón», do que acababan de facer un vídeo rodado na súa sala de ensaio. A música foi gravada no Iron Fist Estudio de A Laracha, e o vídeo foi realizado por Jacobo Torres e o propio grupo a modo de autoprodución.

A é o segundo traballo da banda, despois do álbum homónimo *Cru*, editado en 2017. Despois do lanzamento deste primeiro disco, o grupo experimentou varios cambios de formación, ata instalarse finalmente no trío de Pitu, Luís e Dani. Logo de sacar *A*, xa teñen pensado gravar un novo EP. Segundo explica ao respecto o guitarrista da agrupación, Pitu, «estamos traballando con máis continuidade» logo da pandemia e os cambios na formación, «e agora estamos xa a preparar set de directo, que algo parece que xa se move a cousa, con estes temas novos».

Ademais de todo isto, o trío, cuxos membros proveñen de bandas coma Némese, Esterko ou K-Raxe, participou recentemente na recompilación *25 Anos Ruxindo* en tributo á mítica banda de rock bravú Ruxe Ruxe, xunto a outras moitas destacadas bandas galegas. Nel versionaron a canción «Abondo».



Lóstregos e Dioivo volven tocar en Vigo para presentar os seus novos traballos



O Pub Transylvania de Vigo acollerá o vindeiro sábado 4 de decembro un novo concerto de metal, esta vez da man dos coruñeses Lóstregos e os vigueses Dioivo. Estes dous grupos de black metal en galego, que xa teñen compartido escenario en varias ocasións anteriores, xuntaránse de novo logo do parón provocado pola pandemia para presentar os seus últimos traballos. Lóstregos defenderá o seu aclamado novo álbum *Onde Calan os Corazóns Ruxen as Pedras*, mentres que Dioivo fará o propio con *Retorno a Tagen Ata*, unha canción longa coa que puxeron música á celebre novela homónima de Xosé Luís Méndez Ferrín e na que colaborou o propio escritor, poñendo voz ás narracións do tema.

Será un concerto sinalado non só por xuntar a dúas bandas de metal en lingua galega, unha escena que está a despuntar cada vez máis nos últimos anos; senón porque aos dous grupos principais hai que sumar a colaboración de músicos procedentes doutras destacadas bandas galegas coma Mileth, Sulf-Atär ou En Proceso. Os propios Dioivo e Lóstregos tamén sumarán forzas para interpretar conxuntamente unha canción dos vigueses.

No propio concerto estarán dispoñibles á venda as camisetas e as edicións físicas dos discos de ambos grupos. Ademais de *Onde Calan os Corazóns Ruxen as Pedras*, que saíu o pasado 30 de abril, Lóstregos tamén ten editado o álbum *Lendas Baixo o Luar* (2017) e o EP *Alzamento no Norte* (2016). Dioivo, pola súa banda, conta, ademais de con *Retorno a Tagen Ata*, con outros tres traballos, titulados respectivamente *Dioivo* (2016), *Dioivo II* (2019) e *Dioivo III* (2021).

**¡Practica y mejora
tu inglés!**

Inglés on-line

CONSIGUE OPORTUNIDADES INTERNACIONALES.
TRABAJO • ESTUDIOS • VIAJES

Prácticas individuais de inglés on-line en la comodidad de tu casa.
Mejora tu pronunciación en conversaciones reales y con vocabulario del día a día.

Estudiantes | Negocios | Viajes | Profesionales | Empresas

ZOOM • MEET • TEAM • SKYPE

Inglés on-line




📞 6 66 62 65 94

✉ larre.ingles@gmail.com

solución biolóxica contra a praga do goníptero do eucalipto



Infórmate
e reserva
as túas bolsas
981 46 31 30



Bolsas de ootecas parasitadas por
Anaphes nitens
PREZOS MOI COMPETITIVOS

toxo.forestal@gmail.com



toxoforestal.com

Avda. Romero Donallo, 29 baixo
15806 Santiago